



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Asistencia xurídica gratuíta

CONVOCATORIA: Convocatoria Xustiza

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Itinerarios formativos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/03/2021 - 08:00h ao 06/04/2021 - 23:55h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O contido do presente curso comeza coa análise xeral da normativa actual (Lei 1/96, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta e do Decreto 269/2008, de 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia) desenvolvendo os distintos supostos de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, as prestacións que comprenden dito dereito, as actuacións ante os colexios de avogados, así como a composición e funcións das Comisións de asistencia xurídica gratuíta.

Posteriormente, analizaranse as distintas actuacións relacionadas coa xustiza gratuíta que na práctica se pode atopar o/a funcionario/a ao servizo da administración de xustiza no seu posto de traballo, segundo as súas funcións e ordes xurisdiccionais nas que preste os seus servizos: insostibilidades, violencia de xénero, causas penais, desafuzamentos, familia, etc.

DESTINATARIOS

Empregados/as público/as e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

- Ámbito persoal de aplicación: os criterios para determinar a insuficiencia de recursos para litigar, o recoñecemento xeral do dereito.
- O contido material do dereito á asistencia xurídica gratuíta na Lei 1/96, do 10 de xaneiro. Supostos excepcionais.
- Competencia e procedemento de recoñecemento do dereito: actuacións ante os colexios de avogados. As comisións de asistencia xurídica gratuíta: composición e funcións.
- Actuacións do/a funcionario/a en materia de xustiza gratuíta, con especial referencia aos supostos de violencia de xénero, procesos penais, desafuzamentos e familia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 13/04/2021 a 06/05/2021

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 11/05/2021 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

CESAR ANTONIO DOMINGUEZ NOCELO

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Exame final en liña